

## XII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “CAN DE PALLEIRO” 2023

### ÁMBITO PERSOAL DO CONCURSO E PARTICIPACIÓN:

Poderán participar no Concurso fotográfico:

- a. Todas as persoas propietarias dun Can de Palleiro rexistrado no L.X. da raza. NOTA: non é necesario ser socio do Club para participar no Concurso.
- b. Enviar fotografías indicando: **TÍTULO** da fotografía, **NOME** do can e os datos completos de contacto: Nome e apelidos, enderezo, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto. Si se recibe unha fotografía sen título, o Club se reserva o dereito de poñerlle o título que considere oportuno.
- c. As fotos serán exclusivas, é dicir, non se terán presentado noutros concursos nin ter sido expostas en ningún medio social.

### FORMATO PARA O ENVÍO DAS FOTOGRAFÍAS:

- a. Cada participante poderá enviar un máximo de 3 fotografías en color ou branco e negro. En formato .JPG sen compresión e nunha resolución mínima de 2560 x 1920 píxeles ou o que é o mesmo 5 mpx.
- b. A calidade da fotografía debe ser a máxima permitida polo sensor da cámara.
- c. Non se aceptarán fotografías con textos impresos sobre a fotografía ou efectos especiais do tipo marcos ou adornos nin montaxes. Tampouco se aceptarán fotos onde aparezan persoas.

### TEMA:

- a. O tema central da fotografía debe ser o Can de Palleiro.
- b. As fotografías deberán destacar a beleza da raza así como a polivalencia da mesma mostrando ós exemplares no seu entorno diario.
- c. Terán unha valoración especial as fotos anteriores o ano 2000.

### ENVÍOS:

Os envíos das fotos se farán por correo electrónico o enderezo do Club abaixo mencionado ou por calquera outro soporte informático o enderezo postal.

- [candepalleiro@clubcandepalleiro.com](mailto:candepalleiro@clubcandepalleiro.com)
- **Club Raza Can de Palleiro**

Estrada do Trece 509– Sedes

15596 NARÓN ( A Coruña)

### PRAZOS:

A data límite dos envíos será o día 22 de maio de 2023.

## **PREMIOS:**

1º.- As tres primeiras fotografías xunto con algunhas máis serán expostas en todas as exposicións que organice o Club. As tres mellores fotografías levarán un premio o igual que en anos anteriores así como a súa difusión nos medios sociais, publicidade, etc.

Este ano tamén terá premio especial a mellor foto anterior o ano 2000.

Os premios se entregarán o día 11 de xuño na Semana Verde de Silleda.

## **XURADO:**

O xurado estará formado por tres persoas relacionadas coa fotografía e co mundo canino.

## **CONTIDOS:**

O concursante declara ser o propietario do can da fotografía que difunde e o titular lexítimo dos dereitos de propiedade intelectual das imaxes ou, noutro caso, ter obtido a cesión de ditos dereitos ou o consentimento inequívoco das persoas da fotografía e/ou propietaria do can colla imaxe difunde, incluíndo a título enunciativo, pero non limitativo, os dereitos de reprodución, distribución, transformación, explotación publicitaria comercial, exhibición e comunicación pública. O concursante exime o Club Raza Can de Palleiro de calquera prexuízo neste sentido e lle autoriza a suprimir calquera imaxe que un terceiro reputara que non cumpre coas declaracións realizadas neste párrafo.

A participación no Concurso supón a cesión e autorización expresa de tódolos dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre as fotografías enviadas, de forma que o participante cede o Club, sin carácter de exclusiva, os dereitos de explotación de natureza intelectual, industrial e/ou de imaxe que puideran corresponderlle ou derivar das fotografías enviadas para participar no Concurso.

## **CAUSAS DE DESCALIFICACIÓN DUN PARTICIPANTE:**

- a. A organización poderá descalificar aquelas imaxes que por o seu contido atenten contra a lei, a orden social e a dignidade de terceiros.
- b. Tamén serán descalificadas aquelas fotografías nas que se mostren exemplares en situación de abandono ou maltrato.
- c. Non se aceptarán fotografías nas que se mostren exemplares con colares de afogo ou castigo.
- d. Tampouco serán aceptadas fotografías nas que os exemplares aparezan sucios ou atados a obxectos fixos.

## **PROTECCIÓN DE DATOS:**

Os datos persoais solicitados ós participantes son necesarios e obrigatorios para participar no concurso e se incorporarán a un ficheiro titularidade do Club Raza Can de Palleiro colla única finalidade será a de xestionar o concurso e a asignación e comunicación dos premios. Unha vez finalizada a promoción, dito ficheiro será destruído.

Os participantes teñen dereito a acceder e a rectificar, cancelar, opoñerse o tratamento dos seus datos ou revocar o seu consentimento en calquera momento, dirixíndose o Club Raza Can de Palleiro.

**ACEPTACIÓN DAS BASES:**

A participación no concurso implica, por se mesmo, a aceptación das presentes bases.